



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

## SERVIZO DE ACCIÓN SOCIAL CULTURAL E DEPORTES SECCIÓN DE CULTURA E DEPORTES

Referencia: BDEP-A / 2020

Expediente: 2020000007711

### RESOLUCIÓN POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS PARA DEPORTISTAS DA PROVINCIA - GRUPO A (12-17 ANOS)- DURANTE O ANO 2020.

**Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

#### ANTECEDENTES

1.- A convocatoria das bolsas para Bolsas para deportistas da provincia 2020 - Grupo A (12 - 17 anos) do ano 2020 foi aprobada por resolución da Presidencia nº 7601, e publicada no BOP 42 de 03/03/2020

As bases foron modificadas por resolución da Presidencia n.º 19946 /2020 e publicada no BOP 98 de 01/07/2020

2.- O tribunal foi nomeado por resolución da Presidencia nº 14476, de data 29/04/2020, modificada por resolución n.º 22329.

3.- Por resolución da presidencia numero 21623, do 14/07/2020 foi aprobada a relación de admitidos e excluídos

4.- A reunión do tribunal tivo lugar o día 23 de xullo de 2020, tal como consta na acta que figura no expediente da convocatoria.

5.- O tribunal formulou a proposta de concesión das bolsas Bolsas para deportistas da provincia 2020 - Grupo A (12 - 17 anos) correspondendo a concesión das bolsas ao Presidente da Deputación, de acordo co establecido na base 6 da convocatoria.

6.- A concesión provisional das bolsas foi aprobada por resolución da Presidencia número 2020 / 23786, do 6.08.2020.

7.- No prazo de 10 días establecido na resolución de concesión provisional, presentáronse as seguintes alegacións:

**Canosa García, Brais:** alega, en síntese, que na presentación da solicitude, por erro, omitiuse, nos méritos deportivos a pertenza de Brais Canosa García ao Club Suh Sport da Coruña dende antes do 1 de xaneiro de 2018, e ven pertencendo ao mesmo club da provincia de A Coruña dende o ano 2011.

**Souto Vilas, Carlos:** alega, en síntese, que : 1) non se ten en conta o seu maior logro deportivo no 2019 o cal declaraba no historial deportivo, que foi alcanzar un terceiro posto na MEDITERRANEAN CUP (copa CO.ME.N.), que é o único Campionato de Europa da categoría Infantil en natación e que, en calquera caso debe ser valorado no apartado de outros méritos, e 2) disconformidade coa puntuación outorgada no proxecto deportivo, xa que se outorga 1 punto a todos os solicitantes.

**Mella Rodríguez, Iago:** alega, en síntese, que non se tivo en conta o Campionato de España de Clubes de Taekwondo, que é un torneo individual, no que este deportista logrou a Medalla de Prata.

**Montemuíño Martínez, Lucía:** alega, en síntese : 1) *“sobre el objeto de la convocatoria ... que la interpretación finalista de esta disposición no es otra sino la de premiar el esfuerzo, talento, méritos y capacidad de las personas que tienen la posibilidad de acceder, siquiera, a la solicitud de la referida bolsa, siendo muy importante en Derecho tener siempre esto presente...”* 2) cita o disposto no apartado



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

6.1.3-Outros méritos, para o caso de igualdade de puntuación, e alega que o historial deportivo de Lucía Montemuíño é obxectivamente mellor que o de Borja Domingo Franco Martínez, a quen se concedeu a bolsa, por non efectuarse o desempate conforme á legalidade vixente e alega “...que se castiga a mi mandante por el hecho de no haber participado en el Campeonato Autonómico Gallego celebrado en Cangas en fecha 9 de febrero de 2019, cuando, contradictoriamente, una resolución precisamente dictada para la participación en el mismo, la excluía a ella por estar incurso en una serie de exclusiones para ello como eran la de ser medallista en campeonatos anteriores y pertenecer a la Selección Gallega.” 3) “que el punto 6.1.3 - Outros méritos habla de que para el desempate también se valorará, aparte de todo lo anterior, el orden de fecha de presentación de la solicitud de la bolsa y, tal y como puede comprobar ese órgano, mi representada ha presentado dicha solicitud con más antelación y en fecha anterior que Don Borja Domingo Franco Martínez”

8.- O día 2 de setembro reúnen os membros do tribunal das bolsas para resolver as alegacións presentadas.

Transcribese a continuación o extracto do contido da acta da reunión do 2 de setembro de 2020, no tocante ás alegacións presentadas:

**Canosa García Brais:**

*Neste trámite non se poden ter en conta novos méritos non alegados no momento de presentación da solicitude. Non achegou a certificación da pertenza do deportista a un club da provincia da Coruña.*

**Souto Vilas, Carlos:**

1.- *O Historial Deportivo, conforme a base 6.1.1 das Bases reguladoras das bolsas para deportistas da provincia da Coruña para o ano 2020, dispón que para ser valorado no Nivel 3 (ata 17 puntos), debe cumprirse con algún dos requisitos seguintes: Clasificación entre o seis primeiros, nos Campionatos do Mundo, ou de Europa, en categorías inferiores a senior en modalidade de categoría individual.*

*O tribunal non pon en cuestión o nivel técnico que poida ter a MEDITERRANEAN CUP 2019, pero o que está acreditado é que esta Copa forma parte dunha Liga da Federación Europea, pero que non se atopa cualificado como Campionato de Europa a efectos federativos, polo que o tribunal non o pode ter en conta.*

*As bases outorgan a discrecionalidade de valorar “Outros méritos” e, entre estes méritos sinalados nas mesmas bases, elixiuse o que a xuízo do tribunal parece máis obxectivo, como é a pertenza a un club da provincia, xa que non debe obviar que estas bolsas son outorgadas pola Deputación da Coruña. O feito de que se aplicase o criterio de “especial dificultade ou complexidade na consecución dalgunhas probas deportivas”, sería prolixo e abriría un debate subxectivo a falta de evidencias científicas, nalgún caso, que posiblemente habería que valorar aplicando os criterios técnicos particulares dos membros do tribunal.*

2.- *O tribunal entendeu respecto da valoración do Proxecto deportivo, do mesmo xeito que sinala tamén esta alegación, que este criterio é discrecional e difícil de aplicar de xeito obxectivo a todas as solicitudes nas súas diferentes disciplinas deportivas. Por esta razón, o tribunal decidiu valorar de xeito igualitario cun punto.*

*A maior abundamento, debido á situación provocada pola Covid-19, os campionatos nos que ten/tiña previsto participar durante o ano 2020, sinalados nos proxectos deportivos presentados, non foron ou non serán convocados, polo que o seu cumprimento non se poden evaluar pormenorizadamente a priori.*



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA

**Mella Rodriguez, Iago:**

*O tribunal entendeu na súa deliberación inicial que, ao ser un Campionato de España por Clubs, o resultado era obtido polo club e non polo deportista de xeito individual. Realizada unha consulta federativa de aclaración, infórmase nos que tanto o Campionato de España por Clubs como o Campionato de España por Federacións autonómicas, teñen a consideración oficial de Campionatos de España respecto dos deportistas, tal como se alega nesta reclamación.*

*Habéndose acreditado un erro na aplicación do criterio de Historial deportivo, este tribunal entende que se produciu unha valoración inexacta, ao computarse únicamente o quinto posto do Campionato de España cadete con 8,5 puntos, cando tería que valorar o segundo posto do Campionato de España por clubs (cadete) con 10 puntos.*

*O tribunal informa que debe modificarse a puntuación total deste deportista, pasando a súa valoración total de 12,5 a 14 puntos.*

*Polo que a puntuación final de Mella Rodriguez, Iago: é:*

*Historial deportivo: 10 puntos*

*Proxecto deportivo: 1 punto*

*Pertenza club deportivo: 3 puntos.*

*Puntuación total: 14 puntos.*

***Polo que pasa a ser titular da bolsa.***

**Montemuíño Martínez, Lucía:**

*1.-Respecto desta reflexión, máis que alegación, e sen entrar no seu debate, sinalar que as bases recollen unha serie de criterios que son os que debe aplicar o tribunal, precisamente para realizar de xeito obxectivo, a concesión dunhas bolsas deportivas que, segundo dispoñen as Bases reguladoras no seu apdo. 1.1, convócanse ao "obxecto de apoiar a práctica e o rendemento deportivo, tanto en relación ao perfeccionamento técnico e obtención de maior rendemento nas respectivas modalidades deportivas, como posibilitar a súa participación en eventos deportivos, facilitándolles ás persoas deportistas da provincia o acceso a unha preparación integral adecuada".*

*2.- Sen entrar a valorar os actos federativos que poidan afectar á deportista, de imposible consideración por outra banda, o tribunal actúa tendo presente os criterios que se establecen nestas bases e elixindo os que considera máis obxectivos. En ningún momento, o tribunal aplicou criterios subxectivos ou non contemplados nas bases reguladoras.*

*3.- O tribunal entendeu que o xeito máis obxectivo de realizar un posible desempate, e así llo permiten as bases da convocatoria foi:*

*Entre os que acadan 12,5 puntos e están no posto 15, valóranse os resultados obtidos no nivel seguinte ao xa valorado inicialmente.*

*Ao valorar estes méritos xa foi posible desfacer o empate na puntuación obtida o que permitiu outorgar a bolsa, polo que non foi necesario buscar outras formas de desempate, previstos nas bases, para este obxectivo.*

*Outorgadas as bolsas, os membros do tribunal deciden establecer a orde de suplentes utilizando o criterio de orde de presentación de solicitudes.*

**9.-** Logo de ver o informado polo tribunal sobre as alegacións presentadas, procede conceder unha bolsa a Iago Mella Rodriguez, que obtén 14 puntos, e nomear suplente a Borja Domingo Franco Martínez, que obtivo 12,5 puntos.



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

Consecuentemente, non é necesario desfacer o empate que figuraba no punto 3 da resolución de concesión provisional, entre as tres persoas que acadaban 12,5 puntos e estaban no posto 15 para obter a bolsa.

Vistos os antecedentes sinalados, os informes do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes, e do Servizo de Fiscalización, así como as disposicións legais de aplicación

**RESOLVO:**

1.- Excluir as seguintes solicitudes polos motivos que se indican:

Caneiro Hermida, Sabela: o duatlón e acuatlón non están incluídos entre as disciplinas olímpicas.

Velo Díaz, Yaiza: o freestyle non está incluído entre as disciplinas olímpicas.

Velo Díaz, Zaida : o freestyle non está incluído entre as disciplinas olímpicas.

2.- Desestimar as alegacións presentadas polos seguintes solicitantes do grupo A, polos motivos expostos no antecedente 8:

Canosa García, Brais  
Montemuiño Martínez, Lucía  
Souto Vilas, Carlos

3.- Estimar a alegación presentada por Mella Rodríguez, Iago e modificar a súa puntuación que pasa a 14 puntos polos motivos expostos no antecedente 8, polo que obtén unha bolsa.

4.- Conceder definitivamente as bolsas para deportistas da provincia 2020 - Grupo A (12 - 17 anos) do ano 2020, por importe de 3.500,00 €/bolsa, ás seguintes persoas:

| EXPEDIENTE    | TITULAR DA BOLSA                      | PUNTOS | IMPORTE    | OBXECTO       | NIF       |
|---------------|---------------------------------------|--------|------------|---------------|-----------|
| 2020000015414 | HORTA POMBO, CAETANO XOSE             | 19     | 3.500,00 € | REMO          | ***9564** |
| 2020000019649 | FUENTEFRIA SANCHEZ, RUTH              | 18,5   | 3.500,00 € | HALTEROFILIA  | ***0777** |
| 2020000014063 | ROMERO FERNANDEZ, NOA                 | 18     | 3.500,00 € | TAEKWONDO     | ***9748** |
| 2020000021645 | IGLESIAS CAMPOS, NEREA                | 17     | 3.500,00 € | LOITA         | ***8963** |
| 2020000021382 | CUNS IGLESIAS, ALBA                   | 14,5   | 3.500,00 € | ATLETISMO     | ***2846** |
| 2020000017541 | LOPEZ ROMERO, LUCIA                   | 14,5   | 3.500,00 € | HALTEROFILIA  | ***2245** |
| 2020000013094 | HERNANDEZ NUÑEZ, MARÍA DE LOS ANGELES | 14,5   | 3.500,00 € | HALTEROFILIA  | ***1576** |
| 2020000019915 | MARIN MARTINEZ, ROSALIA               | 14,5   | 3.500,00 € | NATACIÓN      | ***2935** |
| 2020000013851 | MONTEMUIÑO MARTINEZ, IRENE            | 14,5   | 3.500,00 € | TAEKWONDO     | ***9722** |
| 2020000014535 | ALVAREZ FERNANDEZ, DIEGO              | 14     | 3.500,00 € | TAEKWONDO     | ***0137** |
| 2020000015569 | ORTEGA MOINELO, NICOLAS               | 14     | 3.500,00 € | ATLETISMO     | ***8396** |
| 2020000018108 | MELLA RODRIGUEZ, IAGO                 | 14     | 3.500,00 € | TAEKWONDO     | ***0073** |
| 2020000014212 | OTERO FERNANDEZ, PAULA                | 13,5   | 3.500,00 € | NATACIÓN      | ***1855** |
| 2020000021981 | ALVAREZ FERNANDEZ, MARTINA            | 13,5   | 3.500,00 € | SURF          | ***4085** |
| 2020000014936 | COUCE INSUA, SOFIA                    | 13,5   | 3.500,00 € | TENIS MESA DE | ***3928** |



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
A CORUÑA**

Dispor que o importe total das bolsas que ascende á cantidade de 52.500,00 se abone, na forma prevista na convocatoria, con cargo á partida 0612/3411/481, documento contable A, operación nº 220200014289, do vixente Orzamento, logo da correspondente retención do IRPF.

**5.-** Nomear suplentes ás seguintes persoas, utilizando como criterio para determinar a orde, nos casos de coincidencia na puntuación, a data e hora de presentación da solicitude:

Suplente 1: Lucía Montemuíño Martínez: 12,5 puntos, presentada o 17 de marzo, ás 09:56 h  
Suplente 2: Borja Domingo Franco Martínez: 12,5 puntos, presentada o 1 de abril, ás 20:01 h  
Suplente 3: Álvaro Hernández Núñez: 11,5 puntos, presentada o 13 de marzo, ás 16:13 h  
Suplente 4: Carlos Souto Vilas: 11,5 puntos, presentada o 13 de marzo, ás 21:14 h

**6.-** Denegar as restantes solicitudes, que non foron concedidas, suplentes ou descartadas/excluídas.

**7.-** Publicar a presente resolución definitiva na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no art.45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor, alternativamente, recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se poda exercitar calquera outro recurso que se estime pertinente.